

RESOLUCIÓN autorizando actividades susceptibles de recoñecemento de créditos en virtude do acordo da comisión de extensión universitaria e estudantes de 17 de abril de 2026.

Visto o acordo do 17 de abril de 2026 da Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes, establecida na Normativa de recoñecemento de créditos nas titulacións oficiais de grao da Universidade de Vigo pola participación estudantil en actividades universitarias (aprobado no consello de goberno do 28 de outubro de 2025), e en virtude das competencias atribuídas polas normas legais, esta reitoría

RESOLVE:

Primeiro: aprobar, de conformidade co disposto nos artigos 14 e 17 da normativa antes citada, o protocolo para o procedemento de específico de recoñecemento de créditos ECTS para as bolsas de formación complementaria da Universidade de Vigo, como programa institucional de carácter formativo (Anexo I).

Segundo: autorizar o recoñecemento de créditos ECTS, naquelas titulacións que así o establezan nos seus planos de estudo, pola asistencia as actividades académicas con carácter docente (Anexo II).

De acordo co artigo 4 da normativa citada: “O estudantado da Universidade de Vigo poderá solicitar o recoñecemento académico de créditos optativos de carácter xeral pola súa participación en actividades universitarias ata un máximo equivalente ao 10 % do total de créditos do plan de estudos da titulación que estea a cursar.

O mínimo de créditos recoñecibles polo conxunto destas actividades será de 6 ECTS, sen prexuízo dos límites máximos establecidos nos puntos anteriores”

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade.

Natalia Caparrini Marín



Anexo I

Procedemento específico de recoñecemento de créditos ECTS para bolsas de formación complementaria

De conformidade co disposto no artigo 14 e 17 da Normativa de recoñecemento de créditos nas titulacións oficiais de grao da Universidade de Vigo pola participación estudantil en actividades universitarias, solicítase a aprobación dun procedemento específico de recoñecemento de créditos ECTS para as bolsas de formación complementaria da Universidade de Vigo, como programa institucional de carácter formativo.

1. Descrición

As bolsas de formación da Universidade de Vigo constitúen un programa institucional promovido pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade que implica a participación continuada do estudantado en actividades formativas desenvolvidas en contornos reais.

En particular, as bolsas de formación complementaria configúranse como un instrumento que permite ao estudantado participar en actividades vinculadas aos servizos universitarios e á vida académica, ao tempo que adquiren competencias e coñecementos que complementan a súa formación.

Estas bolsas teñen como finalidade fomentar unha mellor formación teórica e práctica do estudantado mediante a colaboración en actividades realizadas na propia universidade e vinculadas á titulación na que se matricula.

2. Obxectivos

O programa contribúe á formación integral do estudantado ao favorecer:

- O desenvolvemento de competencias e habilidades específicas dos estudos.
- O desenvolvemento de competencias transversais, como o traballo en equipo, a comunicación ou a organización.
- A aprendizaxe aplicada en contextos reais.
- A participación activa na vida universitaria.

Pola súa natureza formativa, estas actividades intégranse na categoría de actividades académicas con carácter docente ao contribuír ao desenvolvemento de competencias e á aprendizaxe complementaria á formación académica do Estudantado.

3. Número de créditos ECTS para recoñecer

O número de créditos ECTS a recoñecer estará en función da dedicación efectiva do estudantado, seguindo o criterio xeral de equivalencia establecido na normativa en vigor de 1 crédito ECTS por cada 25 horas de dedicación. En todo caso, respectaranse os límites establecidos no artigo 4 da citada normativa.

4. Procedemento interno de avaliación e acreditación

O Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos garantirá o seguimento e control da actividade desenvolvida polo estudantado e acreditará a participación deste mediante certificación emitida na que constará a identificación das persoas que realizan a actividade, das actividades desenvolvidas, do período de realización e do número de horas de dedicación.



ANEXO II

- Actividades académicas con carácter docente

Título	Código Sigma	Centro/Dpto. Organizador	Responsable académico	Horas	Datas realización
Organización de eventos académicos	720263	Facultade Ciencias Empresariais e Turismo e Facultade de Relacións Internacionais (convenio entre as dúas facultades)	Elena de Prada Creo	30	Do 23/04/2026 ao 07/05/2026
Semana internacional 2026 - Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo & Facultade de Relacións Internacionais	720264	Facultade Ciencias Empresariais e Turismo e Facultade de Relacións Internacionais (convenio entre as dúas facultades)	Elena Rapoport Strizhevskaja	30	Do 13/04/2026 ao 17/04/2026
Introdución a GNU Radio con SDR	720265	Convenio entre a Universidade de Vigo e a Fundación Oesía, Catedra	Óscar Rubiños López e Ana Vázquez Alejos	27	Do 24/04/2026 ao 22/05/2026
Aspectos xurídicos e de gobernanza da Economía Azul Sostible da Unión Europea (BlueEcoEU. Jean Monnet) *	720191	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	Annina Cristina Burgin Piñeiro Oliveira	40	Do 01/06/2026 ao 30/06/2026

***esta actividade ven realizándose dende o ano 2025 co mesmo contido e número de horas, aprobada pola Comisión de Extensión mediante resolución do 2 de xuño de 2025**

